

AVISO FITOSANITARIO *Gonipterus platensis* (Gurgullo do Eucalipto)

Gonipterus platensis é un coleóptero curculiónido defoliador de distintas especies de eucalipto, as máis afectadas son *E. globulus*, aínda que tamén afecta a *E. nitens*, *E. camaldulensis* e outras.

Normalmente completa dúas xeracións ó ano.

Este gurgullo aliméntase das follas de eucalipto durante as distintas etapas do seu desenrolo. As larvas nas fases L1 e L2 aliméntanse da epiderme das follas, e nos estadios L3 e L4 como tamén na fase adulta aliméntanse de toda a folla. Os adultos consumen a folla polos bordes producindo o típico festoneado das follas, e as larvas realizan galerías dentro da folla.

Os danos prodúcense principalmente no terzo superior da árbore, e son máis habituais na primavera e en outono.

Actualmente o método de control máis eficaz contra esta praga baséase na loita biolóxica. Os anos anteriores realizouse a difusión controlada de *Anaphes nitens* Huber, que é o parasitoide específico dos ovos do gurgullo. As soltas foron realizadas nas épocas do ano de maior densidade de ootecas: primavera e outono, en menor número.

Este parasitoide actúa poñendo os seus ovos no interior das postas do gurgullo que se desenrolan a expensas dos ovos do defoliador, e da lugar á emerxencia dun novo individuo de *Anaphes nitens*. A súa eficacia como método de control, derivase da adaptación que ten ás condicións climáticas diversas.

Tras os inventarios realizados pola Rede de Avisos Fitosanitarios, nos que se persigue coñecer a evolución da distribución xeográfica, dinámicas das poboacións e variacións do ciclo biolóxico anual.

A detección faise a través das postas frescas do defoliador, e neste momento é cando se poden empezar a colocar as bolsas do parasito controlador de *Gonipterus platensis*. Esta primeira colocación do ano dura aproximadamente ata o mes de maio, e sempre que existan postas do gurgullo.

O silvicultor pode facer un control nos seus montes ca solta de *Anaphes nitens*.



Nas parcelas dos seguintes distritos, hai presenza de ootecas frescas de *Gonipterus platensis*:

PROVINCIA	DISTRITO	PRESENCIA OOTECAS
LUGO	VI	Colocación bolsas ootecas parasitadas
A CORUÑA	I,II, III, IV e V	Colocación bolsas ootecas parasitadas
PONTEVEDRA	XVI,XVII,XVIII e XIX	Colocación bolsas ootecas parasitadas

A Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal seguirá facendo inventarios para o seguimento do grao de parasitación existente no monte, por parte de *Anaphes nitens*.



1. Puestas (ootecas en hoja joven)



2. Larva de *G. platensis* y galería larvaria



3. Adulto



4. Daños por larvas y adultos



5. Hembra de *Anaphes nitens* parasitando una ooteca



6. Bolsa con ootecas parasitadas para control biológico

Fotografías: Estación Fitopatológica Areiro. Deputación de Pontevedra